



FICHA TÉCNICA NÚMERO/ÚLTIMA REVISIÓN: 320/300718
CERTIFICACIÓN ISO 9001:2015 N° CA-1.092. LABORATORIO AUTORIZADO N° 046/GA/SA680A

PRODUTO

BUFFODINE®

DESCRIPCIÓN E DESTINO

Desinfectante de ovos de peixes formulado especificamente para o seu uso en instalacións de **acuicultura**. O pH da solución é neutro e permite unha efectiva desinfección sen danar os ovos. A coloración da solución permite o control da súa actividade xermicida. **Buffodine®** é un produto totalmente **biodegradable**, estable na auga e inocuo. Destinado á desinfección de ovos de peixes **recentemente fertilizados** ou en **estado de ollos**. Efectivo contra os principais virus, bacterias e fungos. Especialmente recomendado contra Necrose Pancreática Infecciosa (IPN) e Septicemia Hemorráxica Viral (VHS), Necrose Hematopoética Infecciosa (IHN), *Yersinia ruckeri* (ERM), furunculose (*Aeromonas salmonicida*), Enfermidade Bacteriana do Ril (BKD), *Gyrodactilus salaris* e *Myxosoma cerebralis*.

INGREDIENTES

Iodo, ioduro de sodio, C₁₃₋₁₅ alcohol etoxilato, sulfato de sodio, ortofosfato dihidróxeno de sodio, ortofosfato hidróxeno de disodio, auga.

MODO DE EMPREGO

Desinfección de ovos recentemente fertilizados: Lavar os ovos fertilizados cunha solución de 9 partes de sal en 1.000 partes de auga (90 g de sal en 10 L) ata que os ovos estean limpos. Disolver 9 partes de sal en 1.000 partes de auga (90 g en 10 L) e engadir 10 partes de **Buffodine®** (100 mL). Mesturar completamente. Somerxer os ovos xa lavados na solución desinfectante durante 10 minutos. Lavar coidadosamente os ovos 4 ou 5 veces nunha solución salina idéntica á anterior. Incubar.

Desinfección de ovos en estado de ollos: Preparar unha solución de 10 partes de **Buffodine®** en 1.000 partes de auga (100 mL en 10 L). Somerxer os ovos nesta solución durante 10 minutos. Lavar coidadosamente os ovos 4 ou 5 veces en auga limpa e incubar.

PRESENTACIÓN

Botella de polietileno de 1 L e Garrafas de polietileno de 5 L.

PREZO

A consultar

OBSERVACIÓNS

As solucións de **Buffodine®** débense aplicar de inmediato. Os lavados de ovos débense verter sobre desaugadoiros e non en cursos de auga que desemboquen en estacións acuícolas ou vías fluviais. Prazo de entrega: 15 días laborables desde a data de pedido. **Buffodine®** ten un período de validez de 2 anos. Para maior información, consulte coa nosa oficina comercial en ventas@acuinuga.com.